

FIADDEIRO



NADAL 2001



CEIP DE BELUSO

ÍNDICE

EDITORIAL
INFORMACIÓN DO COLEXIO
EDUCACIÓN INFANTIL
OS TEMPORAIS DO 1º CICLO
UN SÉCULO DE TEMPORAIS EN BUEU
CONTIÑOS
O MAGOSTO
O RATO ZAMPÓN
A MATANZA DO PORCO
O CONGRO
O CONGRO NA COCIÑA
OS PALANGRES
O BARCO PALANGREIRO
CUESTIONARIO: A TV
CAPELA DOS SANTOS REIS
O NADAL
POESÍAS
AS ÁRBORES DAS NOSAS FRAGAS: O AMIEIRO
O ZOQUEIRO
TOYS QUIZ
DEPORTES
PASATEMPOS

EDITORIAL

Van chegar as vacacións do Nadal e, como tódolos anos, eu, **O FIADEIRO**, vexo a luz no CEIP de Beluso, gracias á colaboración de tódolos nenos e mestres do colexio que fixestes posible que eu poidese saír e percorrer todo o noso pobo.

Levo unha gran alegría cada vez que vou pasando de man en man entre todos vós e cando me abrides para informarnos do que teño no meu interior. Cada vez que me pasades unha follá é como se me fixerades cóxegas e bótome a rir.

Sen embargo a risa non é completa porque tamén penso en toda a xente e, sobre todo nenos, que non teñen as mesmas posibilidades ca vós de pasalo tan ben por estas datas. A eles non lles van chegar Papá Noel nin os Reis Magos con regalos porque os seus países son moi pobres ou están en guerra.

Desexemos entre todos, con moita forza, que reine a **PAZ** no mundo, que a riqueza se reparta mellor, que se acabe o terrorismo, as guerras, a droga, que vivamos en liberdade, que non haxa xente maltratada, que non haxa **ningún neno triste** e ... que pasemos todos un



¡¡FELIZ NADAL!!

INFORMACIÓN DO COLEXIO

A.P.A.

No presente curso 2001-2002 a **Directiva da A.P.A. do CEIP de Beluso**, elixida na última Asemblea de Socios celebrada no mes de setembro, quedou formada por:

<u>PRESIDENTA:</u>	SILVIA RODRÍGUEZ CERVIÑO
<u>VICEPRESIDENTA:</u>	M ^a JESÚS DARROSA ABOAL
<u>SECRETARIA :</u>	GEMMA MARTÍNEZ SOLLA
<u>TESOUREIRA:</u>	CRISTINA CAÍÑO JUNCAL
<u>VOCAIS:</u>	
	TERESA ESTÉVEZ POUSADA
	FINA HERMELO RIVEIRO
	ANA ESTÉVEZ MARTÍNEZ
	ANA M ^a . ROMERO IGLESIAS
	RAQUEL SANTOS BUDIÑO
	AMALIA MARTÍNEZ PIÑEIRO
	ROSA LÓPEZ CORREDOIRA
	VICTORIA RIAL FERRADÁS
	ISABEL NOVOA
	MARILUZ GARRIDO POUSADA
	VÍCTOR M. LÓPEZ MENDUÍÑA
	JOSÉ MANUEL GARCÍA LAVÍA
	JOSÉ MANUEL SOLIÑO COSQUE

CONSELLO ESCOLAR

Constituído o día 3 de decembro de 1996, sendo renovado parcialmente o día 4 de decembro de 1998(1^a renovación parcial) e o día 5 de decembro do 2000 (2^a renovación parcial). Está formado por :

PRESIDENTE: Pedro Fernández González

XEFE DE ESTUDIOS: Luis Pereira Alvarado

SECRETARIO: Jesús A. Bugallo Varela

REPRESENTANTES DO PROFESORADO:

Servilio Buceta Santos

Aurelia Romariz García

Manuel A. Alonso López

José Ramón Álvarez Calleja

M^a. Pilar Rodríguez Acevedo

REPRESENTANTES DOS PAIS:

Irene Ferradás Mendiña

Rosa M^a. Monteagudo González

M^a. Carmen Rial González

José Bernardo Mendiña de la Torre

REPRESENTANTE DA APA:

Víctor Manuel López Mendiña

REPRESENTANTE DO CONCELLO:

Elena Estévez Freire

REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE:

Non houbo candidatos.




A Consellería de Educación, na súa Delegación Provincial de Pontevedra, fixou como **DÍAS NON LECTIVOS** para o presente curso escolar 2001-2002 os seguintes:

- San Xosé de Calasanz 27 de novembro.
- Vacacións de Nadal do 22 de decembro ó 7 de xaneiro (ámbolos dous incluídos).
- Entroido 11 e 12 de febreiro.
- Vacacións de Semana Santa.... do 23 de marzo ó 1 de abril.
- Os dous días festivos por **tradición pedagóxica** que propuxo o Consello Escolar e foron aprobados pola Delegación de Educación para o presente curso foron:






Ponte da Constitución7 de decembro.

6º A

AS NOVAS FICHAXES DO NOSO COLEXIO



<p>S U S A N A</p> 	<p>V E R A</p> 	<p>C I E L O</p> 
<p>S U S A N A</p>	<p>V E R A</p>	<p>C I E L O</p>
<p>R O B E R T O</p> 	<p>L U C Í A</p> 	<p>M^a M E R C E D E S</p> 
<p>R O B E R T O</p>	<p>L U C Í A</p>	<p>M^a M E R C E D E S</p>
<p>J O S É M A N U E L</p> 	<p>A L E X A N D R A</p> 	<p>Á L V A R O</p> 
<p>J O S É M A N U E L</p>	<p>A L E X A N D R A</p>	<p>Á L V A R O</p>



OS TEMPORAIS DO PRIMEIRO CICLO

Gústame que o profesor me mande facer o periódico porque así falo co meu avó ou coa miña madriña que me contou cousas de cando era cativa coma min e cando, ás veces, a miña avoa zurrábalme por facer algunha trastada. O profesor mandounos facer un traballo sobre os temporais.



Contoume a miña avoa que o 19 de decembro do ano 45 unha maruxía tirou o Faro da Cabeza – fronte á praia de Tuia - foi unha tormenta moi grande, con forte vento e chuvia que arrancaba as tellas e as árbores e non podías ir á veiga senón o vento podía levarte polo aire, igualiño que cando soltas da man un globo.

Nese temporal as ondas suben por enriba do barco e fai moito frío, a cuberta esta chea de xeo e moitos mariñeiros resbalan e cáense pola escada. O meu pai caíu e fíxose dano no brazo e no pescozo. No temporal tan forte do Nadal o mar chega ó interior das casas e aínda miña avoa recorda que entrou moita area no bar da Vizcaina e que se inundaron os baixos das casas veciñas e morreron afogados moitos animais. Meu padriño aínda recorda a tenda de Paquiño na Banda do Río, era unha xoguetería que quedou inundada polo temporal, contoume que saíron flotando cabaliños de madeira, bonecas, camións boca abaixo, rinocerontes sen cornos e xirafas destartadas.

Miña avoa explicoume que a xente para espantar o medo faille cancións ás cousas que lles asustan. Á tenda de Paquiño fíxéronlle esta:



*A las doce de la noche,
a las dos de la mañana,
las olas que allí llegaban
entraban por la ventana,
con el i arri, arri, arri,
el arri carrasqueira,
las olas que allí llegaban
eran de la Robaleira.
Flotan flautas e armónicas,
estralos e triquitraques,
os xoguetes que el tiña
para xogar os rapaces.*

Miña tía recordou outra cantiga daquel temporal do Nadal. Contoume, aínda que tiña que ir ós repolos :

*El 19 de diciembre,
del año cuarentaicinco,
gran tragedia ocurrió
allá en la Banda del Río.
A eso de la medianoche,
a las tres de la mañana,
todo el barrio se cubría
de olas como montañas,
no fue a la Banda del Río
a la que solo le ha tocado,
también le tocó a la lonja
y a la plaza y al mercado.*

Meu pai di que os temporais na mar son muy diferentes. Unha noite, cando estaba durmindo – cerca de Mauritania - houbo un golpe moi forte que os tirou a todos da cama, subiron correndo à cuberta e viron que o barco se estaba afundindo, vestíronse os chalecos salvavidas e botáronse às balsas. Salváronse todos pero do barco non quedou nada

Contoume outra vez que en Canadá as ondas subiron enriba do barco, facía moito frío e a cuberta estaba chea de xeo e resbalábase moito, o barco movíase tanto que derramou o aceite do motor queimando un brazo do meu pai. O capitán fixo unha chamada de socorro e outros barcos os recolleron, ó final o barco en chamas afundiuse. Paréceme estrano que un barco no medio do mar acabe afundíndose polo lume,

1º Ciclo

UN SÉCULO DE TEMPORAIS EN BUEU

EN 1862. 13 DE AGOSTO. De una sesión del ayuntamiento: “En vista de la terrible plaga que nos azota en la tierra y el mar se acuerda rogarle a los señores curas dediquen al todopoderoso una novena y una rogativa”.



EN 1886. 17 DE DICIEMBRE. Esta noche sopló un gran vendaval derribando el campanario de la iglesia de Beluso, cayendo sobre el tejado.

EN 1905. NOVIEMBRE. Fuertes lluvias y viento. Durante días varios marineros de O SON, cuyas lanchas se abrigan en Beluso, tuvieron que quedarse aquí sin víveres y hubieron de mendigar para conseguir algo con que alimentarse. Eran barcos compradores de sardinas.

EN 1913. ABRIL. Violento temporal del sur, a causa del cual se inundaron los campos de la Ribeira. Las olas dañaron el camino.


EN 1914. SEPTIEMBRE. A consecuencia de un rayo en Beluso, dos vecinas de Aldán murieron (madre e hija, jornaleras).

EN 1945. 19 DE DICIEMBRE. Gran temporal, causando diversos destrozos en la Banda del Río.

EN 1954. ABRIL. Temporal fortísimo del norte causando destrozos en varias embarcaciones de Beluso, dos hundidas en Bueu y averías en el muelle de la casa Massó. En MAYO se entrega un donativo a los afectados por el temporal.

EN 1965. FEBRERO. A primeras horas de la madrugada gran maruxía que llevó la arena hasta las casas de la Banda del Río, socavando la cimentación del muro de contención, derribando la parte oeste del murallón cuyas casas se derrumbaron en la zona limítrofe con la playa. La arena taponó los desagües de los regatos que vierten a la playa produciendo la inundación de la zona que comprende la casa de José Ríos Cestay, lavadero y fuente de la cual solo se veía algo del adorno del tejado. La carretera a Beluso estaba completamente anegada. Los inquilinos de esta barriada tuvieron que utilizar una chalana para salir de casa.


1º Ciclo



CONTIÑOS

OS MONSTROS

Había unha vez unha cova no medio dun bosque onde vivía un monstro que se chamaba Roni. Un día Roni perdeuse no bosque. Ó cabo dunha hora encontrouse con dous monstros moi malos. Un chamábase



Gustavo e o outro Xoán. Os dous monstros vivían nun volcán moi quente, que estaba a punto de estoupar e querían roubarlle a cova para vivir nela.

O monstro Roni díxolles:

- ¿Se queredes compartoa con vós?
- ¡Non! Contestaron os dous monstros.

Os monstros querían para eles sós.

O monstro Roni replicoulles:

- ¡É para os tres ou para min!
- Os dous monstros non estaban de acordo con Roni, entón Roni díxolles:
- ¡Esperádeme no volcán e regálovos a miña casa!

Os dous monstros foron ata o volcán esperar a Roni, e, de repente, o volcán estoupou, lanzando ós monstros polo aire. E deberon ir ben lonxe porque nunca máis apareceron polo lugar.

Ángel, Darío e Iago 3º B.


A PRINCESA QUE NON PODÍA RIR

Érase unha vez unha princesa que vivía cos seus pais nunha vila fermosa e pequena. Un día xogando ó escondite apareceu unha bruxa que lle dixo:

- ¡Ola bonita!
- ¿Quen eres ti? Preguntoulle a princesa.
- Son a bruxa Cadabrilla e fago ás persoas máis fermosas .-Contestou a bruxa.
- ¿E poderías facerme a min máis fermosa? Volveulle pregunta-la princesa.
- Claro que sí. - Respondeu a bruxa. Tés que beber isto e xa verás.

A bruxa sacou dun bolsillo unha pequena botella cun bebedizo dentro e deullo á princesa para que o bebera. A princesa, que tiña moitas gañas de ser moi fermosa, non dubidou e tomou o bebedizo.

Ó momento a princesa non puido rir e a bruxa marchou rindo, satisfeita co feitizo que lle fixera á princesa.



A pobre princesa non podía rir e toda a xente da vila ríase moito.

Un día apareceu unha fada que lle dixo.

- ¡Ola! ¿Como te chamas?
- Eu chámome Elosinda. – Respondeulle a princesa.
- ¿E ti? Preguntoulle a princesa.
- Eu son a túa fada madriña. Contestoulle a fada. E vou facer que rías de novo.
- ¿E como o vas facer? Preguntou moi nerviosa a princesa, con moita curiosidade.
- Pois moi fácil, dicindo estas palabras máxicas: “Chicunmaticustisei que esta princesa ría”.

E con estas palabras máxicas a princesa volveu rir e xogar ó escondite e esta sorrinte maneira o conto rematou.

Alba, Sara e Sandra 3º B

O MAGOSTO

As castañas lévanse comendo dende hai moitos anos. Naquela época tiñan que durar ata a colleita seguinte.

Mentres asaban os profes, nós estabamos xogando e cando xa estaban as castañas



A colleita era así. Primeiro, cando estaban maduras íase ó souto collelas nos sacos e levábanse para a casa.


Logo, poñíanse no canizo enriba da lareira a secar. Por último, gardábanse e íanse comendo todo o ano coa carne, cos chourizos, co leite... Cando é o tempo das castañas, no mes de Santos, celebramos no colexio o magosto. Este ano foi o día 9. Trouxemos pico, carozos, piñas e castañas para ir 3º e 4º asalas á praia de Bon pero, o día ameazaba choiva e... ¡xa nos amolou!.

Despois decidimos facer o magosto tódolos cursos no colexio. Xa que chovía e non podíamos ir á praia estivemos na clase xogando, bailando e debuxando. Tocou a campá e levamos os sacos de pico, carozos e piñas.

comémolas e coa cinza tisnámomos as mans e a cara. Queríamos tiznar á mestra, pero escapaba e dicía que lle picaba a pel. Un xogo bonito foron unhas carreiras nas que apostamos castañas. E así felices e contentos subimos ós baños lavarnos.

En realidade ese día foi moi especial para nós, foi o mellor magosto, nun día de outono moi frío e ventoso no colexio de Beluso.

Nenos e nenas. 4ºB. --



O RATO

Un día moi caloroso o rato zampón, que se chamaba Saúl, saiu dar un paseo polo monte. Encontrouse cun león que lle impedía o paso; entón, Saúl, abriu a boca e zampouno dun bocado. Seguiu o seu camiño e, ó pouco tempo, encontrouse cun raposo que tampouco lle deixaba pasar e o rato zampón díxolle:

- Voute comer.

O raposo díxolle:

- Se queres pasar, terás que matarme antes.

O rato abriu a boca e comeuno.



Máis tarde encontrouse cun cervo. Pensou que era comida e comeuno. Ó final chegou á praia, púxose a tomar o sol, viu unha rata e díxolle:

- ¿Quéreste casar comigo?

A rata, sen pensalo, contestou:

- ¡¡Si!!

Borja E. 3ºA.



A PRAIA E A SÚA AREA

Había unha vez unha praia á que ía moita xente pasar o seu tempo libre. A praia tiña bancos, mesas e unha boa vista, desde onde se vían outros pobos, pero a xente era despistada e deixaba o lixo tirado polo chan.

Un día a area cansouse e foise de alí. A xente, ó ver que non había area, íase e non volvía. Os do pobo preguntábanse que lle pasaría á area.

Entón foron preguntarlle a unha adiviña e díxolles:

- ¿Vós preguntádesmo?. ¿Sodes os culpables; se non deixarades o lixo tirado, a area aínda estaría aquí!.

- ¿Que debemos facer? – preguntaron os do pobo.

- Poderíades poñer carteis dicindo que iades ser limpos e, ó mellor, volve.


Puxeron os carteis, a area volveu e nunca máis se marchou.

3ºA

A matanza do porco

A partir do 11 de novembro (San Martín), cando a Lúa entre en cuarto crecente, calquera día frío é bo para a matanza do porco.

A matanza é un labor social e solidario, no que se dan cita familiares e amigos. É unha festa na que todos colaboran.



Requisitos para a matanza:

Idade do porco: 1 ano e medio.

Peso: arredor dos 100 kg.


Momento ideal: Despois de ter cría. É máis apreciada a carne da femia.

Persoas que interveñen na matanza:

Matachín: Sacrifica, chamusca, abre e trocea o porco. Como oficio estase extinguindo.

Agarrantes: Tumban e suxeitan ó porco durante o sacrificio. Logo agárrano con cordas ó banco.

Mulleres: Recollen o sangue, lavan e cortan as tripas. Elaboran os embutidos.



As fases da matanza:

Primeiro día

1º Os homes atan o porco ó banco. O matachín introduce o coitelo na badana do porco (ó lado da noz).

2º Deságrase ó animal. As mulleres removen o sangue para que non calle. O matachín suxeita cun gancho o fuciño do animal para que non se mova, senón salpicaría o sangue.

3º O matador queima os pelos do animal morto con fentos ardendo ou con palla. Neste proceso tamén se lle quitan os pezuños. Nalgúns lugares de Galicia escáldase con auga fervendo.

4º Destripase o porco. Fáiselle un tallo vertical no ventre e outro no recto.

5º As mulleres lavan a graxa na fonte. Co redocelo, unha graxa moi fina que hai nas tripas, obtéñense os chicharróns.

6º O porco déixase alear e escurrir cabeza abaixo durante toda a noite, colgado dunha corda anclada no óso do cu.


Segundo día:

7º O día seguinte faise a “desfeita”. Córtase primeiro a cachucha, despois os lacóns, o espinazo, os xamóns, os touciños...

8º As dúas formas de conservación máis usadas son o salgado e o afumado. No salgueiro ou saleiro (recipiente de madeira cheo de sal) adoitan estar uns 15 ou 20 días, Algunhas destas carnes logo afúmanse na lareira.

Terceiro día:

9º O terceiro día elabóranse os chourizos, morcillas e demais embutidos. Todo o que non se pode gardar cómesse fresco neses días.



Refráns sobor da matanza

- A todo porco lle chega o seu San Martiño.
- Porco que está sen cebar, non se debe matar.
- Día de Santo Tomé o porco polo pé.
- que non mata porco, non dá morcilla nin entrecosto.
- Mira o porco e verás o teu corpo.
- No mes dos mortos mata os teus porcos.

(Colaboraron: Miguel, Ana Teresa, Rebeca, Sara Mariño e Jessica Barreiro de 4ºA).

O CONGRO. (*conger conger*)

Descrición.


Peixe de corpo forte, moi alongado, cilíndrico e comprimido. Boca ampla, a maxila superior excede á inferior, e con dentes moi afiados. Ollos elípticos. Chega a medir ata 3 m. de lonxitude e a pesar 65 kg., as femias. A súa pel, sen escamas, é de color agrisada tirando a negra.

Alimentación.

Son moi voraces e aliméntase de peixes (sardiñas, arenques, bacallaos), crustáceos (lagostas), moluscos (luras, polbos), etc.

Reproducción.

O congro acada a madurez sexual entre



Hábitat e modo de vida.

O congro é unha especie de fondo, abundante en bastantes zonas do Atlántico e Mediterráneo. Vive en zonas rochosas a uns 0 – 100 m. de profundidade, metidos en grechas durante o día; pola noite sae en busca de alimento. É un peixe moi forte e perigoso porque ten moita forza na boca.

os 5 – 15 anos.

A freza realízase entre os meses de xuño e xullo, en augas temperadas de mar aberto e a grande profundidade 1.800 – 2.700 m. Os ovos, uns 3 – 8 millóns, flotan libres a unha profundidade media ata que deles saen as larvas. O cambio de larva a adulto dura uns 2 anos.

Carlos, Daniel, Iván, Javier e Rocío 5ºA.

O CONGRO NA COCIÑA

CONGRO Á CAZOLA

Ingredientes:

1 kg da parte aberta do congro - Auga - 2 cebolas medianas - 2 pementos verdes - 50 g. de olivas - 2 rodas de limón - Pemento doce - Aceite - Sal.



Límpase e tórase o congro. Nunha cazola, a poder ser de barro, ponse o aceite, as cebolas cortadas moi finas, os pementos cortados en tiras, as olivas, as rodas de limón e déixanse cocer a fogo lento uns dez minutos; pasado este tempo, engádese o congro cortado en toros, bótaselle un chisco de sal e déixase facer ata que o peixe estea no seu punto. Cando está listo, colócase nunha bandexa, adórnase e...¡já mesa!

CONGRO CON TOMATE

Ingredientes:

750 g. de congro aberto - Allo - Aceite de oliva - Un limón - Tomiño - Pementa - Unha taza de salsa de tomate - Sal.

Disponse nunha cazola refractaria ampla de fondo, os toros de congro nunha única capa, espolvoreando sal e pementa e regando con dúas culleradas de aceite e o zume dun limón. Faise unha salsa de tomate ben espesa, con cebola e allo de base. Vértese sobre o congro esta salsa e medio vaso de auga, para aumentar o caldo. Déixase cocer un chisco máis ata a redución do caldo e xa está listo para servir.



CONGRO Ó ALLO ARRIERO

Ingredientes:

1 kg. de congro aberto partido en 4 toros - 8 dentes de allo pelados e cortados en rodas - 2 tazóns de aceite de oliva - 2 follías de loureiro - 1 cullerada sopeira de pementa - Unhas gotiñas de vinagre - Patacas pequenas.


Cócense os toros de congro en auga con sal e as follas de loureiro. Cando estean ben cocidas escórrense e cólase cada unha delas nun prato individual. Cando falte un minuto ou pouco máis para que o congro estea no seu punto, ponse en aceite nunha tixola, engádense os allos partidos en rodas e déixanse dourar. Cando os allos estean dourados, bótase o pimentón, revólvese un segundos e retírase a tixola do fogo para evitar que se queime. Inmediatamente agrégase o vinagre, móvese a tixola para que se mesture todo ben, déixase repousar medio minuto e vértese repartido sobre os toros do peixe. Prepáranse uns cachelos e sírvense ben quentiños acompañando ó congro.

Andrea, Bea, Rocío e Sheila 5º A.

OS PALANGRES

PALANGRES ACTUAIS

O palangre é unha modalidade de pesca utilizada para capturar peixes de superficie (como o atún, marraxo, peixe espada,...) ou de profundidade (como o congro, bacallao, pescada,...). Son cables ou cabos longos e pesados ós que están unidos tanzas auxiliares con anzois nos que se pon unha carnada. Os que se utilizan na actualidade poden medir varios quilómetros e lárغانse unidos a unha boia que queda fondeada ou son arrastrados polo barco. Pasado un tempo son izados a bordo mediante cabrestantes.



Partes dun palangre

1- bourel 2- madre 3- brazolada 4- anzol 5- pedral

PALANGRE DO CONGRO

Características do aparello:

Esta arte de pesca, moi utilizada na zona do Morrazo, pertence o tipo dos chamados palangres de fondo. Está formado por un cabo longo e delgado chamado “madre” ó que están amarrados unhas tanzas chamadas brazoladas que teñen empatao no



Palangre do congro

extremo un anzol. A lonxitude do palangre é variable, normalmente mide uns 120-300 m., aínda que pode chegar a alcanzar os 500 m. e nel poden ir colocados ata uns 100 anzois. As brazoladas miden 1-2 m. e van separadas de forma que ó largalas non se enleen. Para localizar o palangre utilízanse boias e para o aparello se afunda pedrais. Cada barco palangreiro ten por costume levar 5 palangres por mariñeiro.

A pesca.


A pesca do congro realízase pola noite, pois é cando este peixe sae en busca de alimento. Antes ou no momento de largar o aparello ó mar cébanse os anzois con sardiña, cabala, xurelo, lura, bolo, etc. Xa na zona de pesca, lánzase ó mar o bourel (boia), a sirga (cabo) e os pedrais de fondeo. Despois coa embarcación en marcha, vaise largando o aparello pola popa ou polo costado de forma que os anzois coa carnada queden lonxe da madre. O palangre queda así estendido no fondo, facendo pequenos zigzags, esperando a que os peixes veñan a comer e queden enganchados. Pasado un tempo, ben a man ou coa axuda dun halador, levántanse os palangres e recóllese a pesca.

Adán, Alba, Diego, Maika, Sheila 5º A

O BARCO PALANGREIRO

Os barcos palangreiros son barcos que se dedican a pescar con aparellos chamados palangres. Podemos atopar desde barcos palangreiros de moi pequeno tamaño ata outros que poden chegar ós 90 m., sendo os primeiros os dedicados á pesca nas proximidades do litoral.


No Morrazo as embarcacións que se utilizan para a pesca do palangre son de pequenas dimensións (botes, chalanas, dornas, motoras, ...). Faenan cerca da costa cunha tripulación que non supera as cinco persoas e a especie por eles máis pescada é o congro. Estes barcos saen a faenar cada día desde os seus portos cando empeza a escurecer e traballan toda a noite ata o amencer, que é cando regresan para vender na lonxa as capturas da xornada.



PALANGREIRO DE BAIXURA

No caso dos palangreiros de gran tonelaxe, trátase de barcos que traballan a moitas millas da costa, tardando incluso

semanas en chegar ó seu caladoiro de pesca habitual. Empregan un maior número de tripulantes e uns mellores e máis modernos medios de traballo e conservación. Van dotados de modernos aparellos para localizar os bancos de peixe (sonar, sonda, radar, ...) e dispoñen de grandes bodegas onde se garda o peixe ben conxelado ou en caixóns refrixerados mediante xeo.



PALANGREIRO DE GRAN TONELAXE

Características dos grandes palangreiros:

1. Son barcos de cuberta alta e con forma de caixón.
2. Dispoñen de máquinas de cebedo automático (ás veces).
3. Dispoñen de sala con estantes para ordenar e clasificar palangres.
4. Teñen cabestrantes e haladores para recoller os aparellos.

Andrea, Bárbara, Dana, Juan e Tania 5ª

CUESTIONARIO: A TELEVISIÓN E TI

¿Canto tempo pasas diante do televisor?

- Menos de 1:30 horas – 39%
- Entre 1:30 horas e 3 horas – 38%
- Máis de 3 horas – 17 %
- Non contestan – 6%

¿Cantos televisores hai na túa casa?

- Un ou dous – 38%
- Tres ou catro – 44%
- Máis de catro – 18 %

¿Tés televisor na túa habitación?

- Si – 43%
- Non – 57%

¿Cal é o teu programa favorito?

- Simpson – 34%
- Compañeros – 26%
- Show de los records – 22%
- Outros – 18%

¿E o teu personaxe preferido?

- Burt Simpson – 44%
- Martín (Compañeros) – 16%
- Ash e Miro Pereira – 12%
- Outros – 28%

¿Ves algún programa pola noite?

- Si – 79%
- Non - 13%
- Ás veces – 8 %

¿Comentas cos teus compañeiros os programas que ves na TV?

- Si – 67 %
- Non - 21 %
- Ás veces – 8 %
- Non contesta – 4 %

¿Os teus pais prohibenche ver algún programa?

- Si – 67 %
- Non - 31 %
- Non contesta – 2 %

¿Ves a TV só ou acompañado?


- Só – 38 %
- Acompañado – 62%

Se estás acompañado ¿con quen?

- Coa familia – 84 %
- Cos amigos – 13 %
- Non contesta – 3 %

¿Ves algún programa informativo?

- Si – 84 %
- Non - 11 %
- Ás veces – 5 %



(Cuestionario feito ós alumnos do terceiro ciclo).

CAPELA DOS SANTOS REIS

A primitiva foi fundada no 1686 polo cura Fernando de la Rúa Freyre, con 24 misas rezadas e dúas cantadas: unha o 6 de Xaneiro, este pode ser pola celebración da festa dos Santos Reis, xa que o fundador tivo na súa mente solemnezar dito día da mesma forma cós Reis. A outra, o día da Ascensión do Señor.

Esta capela foi derribada ata os seus cementos, desde hai máis dun século e quedan restos dela nalgunhas casas de Bueu.

En 1827 era Pedro Pimentel quen, por dotación de Fernando de la Rúa xa en 1688 ou antes, obriga a que nesa capela se celebre o día 6 de xaneiro misa cantada, con parva, chocolate, frasco de viño e pan. O día da Ascensión, misa cantada.

O espazo que ocupa hoxe a que existe, pertencía a Manuel Santos (Charreche), veciño de Bueu. O concello, en outubro de 1948, tomou o acordo de levantar unha nova capela, ou mellor dito, foi a data na que se obtivo autorización para construíla, polo Bispo Xosé Souto Vizoso. O 4 de outubro de 1953 foi bendicida e aberta ó culto, polo párroco Anxo Rama Lestón. O tipo de construción e o aspecto exterior e interior foi ideado polo artista Urbano Lugrís.

O día da inauguración houbo procesión desde a parroquial con varias imaxes sendo acompañadas polas principais autoridades provinciais, actuaron os gaiteiros e celebrouse un xantar naquel lugar.



Capela dos Santos Reis. 1978

Ó final de 1975 foise derribando pouco a pouco pola falta de preocupación do seu coidado.

En 1977 xa caera o teito e parte das paredes, e foran roubadas algunhas imaxes antigas de pedra. O grupo dos Santos Reis foi entregado no concello.

6º B.

O NADAL



O NADAL

O Nadal,
 ¿Que é o Nadal?
 o Nadal
 non é ver ós pobres morrer,
 sen auga, apenas comida,
 e ós nenos,
 sen país.
 Non é ver como tés moitos regalos,
 sabendo que hai nenos que non os teñen.
 Non é facer a guerra,
 é facer a PAZ,
 a PAZ para todo o mundo.
 Non é pedirlle cousas ós Reis Magos,
 é compartir as cousas con outros nenos.
 En realidade,
 o Nadal
 é para compartir,
 é ser felices
 os nenos, os xoves, os adultos
 e as persoas maiores de todo o mundo.

¡ ACABOU A GUERRA !

No Nadal do 2001, todo o mundo andaba preocupado pola guerra entre Afganistán e Estados Unidos e, aínda que intentaban disimular a súa inquietude mercando moitas cousas para as festas de Nadal, seguían preocupados polo que puidera pasar entre George Bush e Bin Laden.

Un día, na véspera de Nadal, un rapaz estaba no seu cuarto lendo un libro, cando escoitou voces na rúa. O rapaz, estrañado, baixou á rúa e escoitou dicir á xente que acabara a guerra, que Bin Laden e Bush fixeran as paces, que repararían tódolos danos causados, tanto uns coma outros....

De súpeto, soou o despertador, o rapaz abriu os ollos e viu no reloxo que eran as 8:15 do luns 14 de xaneiro de 2002. Todo fora un sono.

UN BO NADAL

Érase unha vez un rapaz que se chamaba Daniel.

Un día de Nadal Daniel estáballe escribindo a carta ós Reis Magos. Daniel era moi traveso pero tódolos anos cando lle escribía a carta ós Reis Magos sempre lles dicía que se portaba moi ben, que non desobedecía na casa... Aínda así, os Reis Magos sabían que estaba dicindo unha mentira e sempre lle traían carbón.

Ese Nadal Daniel decidiu contarlles toda a verdade. Dixolles que el sempre estaba facendo trasnadas, que sempre desobedecía na casa, que lle pegaba ó seu irmán,... Tamén lles dixo que non merecía que lle trouxeran regalos: "A min gustárame que me trouxerades unha bicicleta pero da igual porque me portei mal".

Esa noite de Reis Daniel estaba na cama e espertou. Escoitou un ruído e levantouse. Eran os Reis Magos que estaban entrando pola súa fiestra.

Daniel viunos e díxolles:

- ¿Que facedes aquí, se eu non me merezo ningún regalo?.

- Si que o mereces, ó fin e ó cabo contaches a verdade - dixeron os Reis-.

- Pois gracias e ata o ano que ven - díxolles Daniel.

Ó día seguinte Daniel foi o primeiro en levantarse, e vestiuse rapidamente para ir xogar, pois este ano si tiña regalos.

Desde ese Nada Daniel decidiu portarse cada vez mellor e, como non, que non mentiría endexamais xa que as mentiras sempre son negativas.



POESÍAS

LA NIÑA BUENA Y EL SAPO MALO

Ese sapo tan bonito
tiene un croar algo feo,
con su pequeño volumen
ya ni siquiera lo veo.




Está en la orilla del lago,
muy tranquilo, muy tristón.
Yo no sé lo que haré
si acercarme a él o no.

La que hablaba era una niña
que lo estaba contemplando;
la niña sueña y sueña,
sueña al verlo croando.

Sueña con una gran pena,
pues no puede hablar con él,
pero de muy buena gana
le invitaría a comer.

La niña se decidió
a decirle unas palabras,
pero antes de acercarse
el sapo se adelantaba:



-¿Por qué me estabas mirando?
¡Vete de aquí, niña fea!.
Y la niña se marchó
muy triste y con mucha pena.

Alberto C. M. 6ºA

SOPRA, SOPRA, SOPRA

Sopra, sopra, sopra,
o vento sopra,
sopra, sopra, sopra,
o vento fai unha copla.



Sopra, sopra, sopra,
o vento baila,
ó son da copla,
cunha capa larga.

Sopra, sopra, sopra,
o vento fai unha copla,
as árbores movéndose
semellando unha gran onda.

Sopra, sopra, sopra,
meu ventiño mareiro,
espero que un día chegue
aquele vento aventureiro.

Sopra, sopra, sopra,
ese día xa chegou,
hoxe sopra máis ca nunca.
¡Adeus, meu ventiño, adeus!.

Yanira. 6ºA

EL CIELO

Las nubes, las nubes, las nubes,
las nubes están en el cielo,
nos dan agua limpia y están
suaves como el terciopelo.

También hay estrellas brillantes
que se miran a las doce,
se esconden cuando es de día
y aparecen por la noche.

Hay planetas, muchos planetas,
hay planetas en nuestro cielo:
Urano, Neptuno, Júpiter...
y se parecen al nuestro.




Me quedé mirando al cielo,
las nubes y muchas estrellas,
no, no pude contarlas todas
porque son muy, muy pequeñas.

Me he quedado tan dormido
que por poco no me acuerdo,
no me acuerdo por muy poco
que mañana hay colegio.

Miguel García 6ºA

OS ANIMAIS

O gato Fredi
vai paseando
con gran salero,
sempre cantando.



A cadela Lisa
vai de amarelo,
conxunto co pelo
non lle gusta o negro.

O coello Tiki
está bailando
con moito movemento
vai tamén saltando.

A xirafa Elna
vai de gris
co longo pescozo
visitar a Cris.

O golfiño Laru
vai comendo
cun bo apetito,
tamén vai bebendo.

A galiña Fita
vai de verde
cun bolso grande,
tamén ten sede.



Aida 6ºA.

OS MEUS PATÍNS

Os patíns deslízanse
e podes esvararte
ten coidado con eles
que podes lastimarte.

Eu sei andar con eles
e é moi divertido,
cando está nevando
ten coidado comigo.

Gústame andar cun só,
porque sei andar moi ben,
aprendín cuns de liña
e miña tía tamén.



Xogo sempre con eles
e eu vou cuns amigos
ata Areas de Bon
e collemos algúns figos.

Cando estou durmindo
sempre estou soñando
cos bos patíns de liña
que están no faiado.

Abel 6ºA.

O CURSO

Acábanse as vacacións
atrás nos queda o verán,
xa empezamos a estudar
e a clase imos de mañáns.

Os días xa se fan curtos,
as noites son máis ben longas,
das árbores quedan troncos
porque lle caen as follas.

Cando chega o inverno
chega o frío e mailo vento,
empeza a caer a chuvia
e a conxelarse o alento.




Está chegando o Nadal,
xa pensamos nos regalos,
que chegue Papá Noel
e tamén os Reis Magos.

Xa chega a primavera,
o curso está rematando,
xa empeza a facer calor
e a paisaxe está cambiando.

Nerea García 6ºA.

AS ÁRBORES DAS NOSAS FRAGAS

O AMIEIRO (*Alnus glutinosa*)



Árbore caducifolio que acada os 20 metros de altura, ten o tronco dereito e a casca lisa e escura ó primeiro que logo se fende. As follas, de 4 –10 cm de longas, son case redondas, coas beiras dúas veces serradas, cuneadas no ápice. As flores masculinas aparecen en amentos pendurantes ata 9 cm de longo, e botan na árbore todo o outono, abrindo antes da saída das follas. As flores femininas forman amentos menores, que se converten, ó madurecer, en pequenas piñas ovóides de ata 3 cm. Florece en febreiro-abril.

Os amieiros observámoslos en tódalas beiras dos ríos, regatos, pozas e zonas lamacentas xunto cos sanguíños, salgueiros e freixos. O seu aparello radical está permanentemente encharcado e ten a particularidade de poder fixar o nitróxeno atmosférico o

mesmo que as plantas leguminosas, gracias a unhas nodosidades globulares do tamaño dunha noz, formadas por un fungo mixomiceto simbiótico, *Plasmodiophora alni*.

Mentres que os bosques de ribeira están asociados ós cursos de auga, xa sexan superficiais ou subterráneos, os bosques pantanosos, compostos case exclusivamente por amieiros, están emprazados en amplas depresións de pouca profundidade, nas que a auga se caracteriza pola súa inmovilidade. A superficie da capa freática queda, a veces, por riba do chan. Ó igual que sucede nos bosques de ribeira, o solo e o clima non son factores determinantes do medio, senón que desempeñan un papel secundario. A especie dominante neste tipo de bosques é o amieiro que consegue manterse en lugares coa auga estancada con temperatura elevada e empobrecida en osíxeno, aínda que crece mellor nos lugares onde o nivel de auga ascende e descende, renovándose, ó longo do ano.

A madeira do amieiro é branca e lixeira, resistente á auga e non apodrece, polo que se emprega para a construción de pontes, muíños, etc. Tamén se emprega para talla, sendo a madeira máis típica das zocas.



6ºA

O ZOQUEIRO

Zoqueiro é a persoa que se dedica a face-los zocos ou as zocas.



Este oficio foi de notable importancia ata mediados do século XX. Na actualidade está en período de desaparición porque os **zocos** (calzado de coiro co piso de madeira, CHANCLOS) como as **zocas** (zapato de madeira dunha peza que usan os campesiños e xente pobre: ALMADREÑAS ou MADREÑAS) foron substituídos polo calzado de sola de coiro ou goma. Antes de chegar a esta situación os zoqueiros sufriron a competencia dos talleres industrializados dedicados á fabricación, en gran escala, de paus para zocos.


No ámbito deste sinxelo oficio, no que non se precisa moita ferramenta, temos, en primeiro lugar, os **zoqueiros** que fan **paus** para os **chancos**, utilizando o **serrón**, **machada**, **aixó** e algunha **trencha**. O seu traballo redúcese a corta-la madeira que debe incluír as condicións de **lixerezza**, **resistencia** e **impermeabilidade** excepcionais e, ademais, estar completamente desprovistas de nós e doutros defectos de homoxeneidade. En España emprégase a madeira de **ameneiro** (**abeneiro**), de **faia** e de **bidueiro**, cortados en cachos da lonxitude necesaria para cada caso e coas fibras no sentido lonxitudinal. Devástanos coa machada ata conseguir a forma do pé e lábrano co **aixó** para darlle á planta (duns 2 ou 3 cm. de espesor e un

pouco tacón) unha forma algo cóncava para que se axuste ó pé.

Como remate, faille todo arredor unha **amósega** coa trencha onde se crava a **empeña** ou parte do coiro que constitúe o outro elemento da chancla.

Os zoqueiros por antonomasia son aqueles que se dedican a face-las

zocas, calzado totalmente de madeira e utilizado en sitios moi húmidos (Holanda, Francia,




países do norte de Europa...) de uso normal entre a xente do campo, aínda que ás veces son empregadas por persoas de boa posición, no inverno ou en tempo de chuvia para saír á rúa. En España úsanse principalmente en Galicia, Asturias e Santander. Comezan a súa labouira (xeralmente traballan dous en cada taller)

aserrando a madeira, co **tronzón** e a **serra**, en cachos, que logo dividen en catro pedazos, do tamaño das **zocas**, co **machado** e o **mazo**. Logo un dos zoqueiros dalle a cada cacho, no **burro de devastar**, a forma externa da futura zoca, co **machado** e a **aixola**, e pásallo ó outro que despois de aseguralo con **cuñas** no **burro de escarvar**, labra o seu interior cos **trades**,

macizo, **gabias** e as **llegas**. Logo repasa a peza co **coitelo** e a **coitela**, alísao co **revocador** (coitelo triangular de folla moi afiada) axudándose, nos dous casos, do **plato**. Finalmente faille uns debuxos co **repenisco** (trencha pequena en v) que acostuman reproducir a costura dos zapatos de sola.

Hai zocos de moitas formas, segundo os lugares (**zocos**, **zocas**, **chinelas**, **zocos da Mariña**, **zocos de Mondoñedo** ...), poden ser da cor da madeira ou tinguidos de negro cun tinte que se emprega para os coiros.

Jorge, Carmen M^a, Mónica, María 5^oB.



Instrumental de los zoqueiros: 1, serra, 2, macizo, 3, machado, 4, tesouras, 5, burro de devastar, 6, aixola, 7, machado pequeno, 8, tralde, 9, burro de escarvar, 10, tronzón, 11, gabias, 12, llegas, 13, plato, 14, revocador, 15, macizo, 16, coitelo, 17, buarón, 18, repenisco. (Tomado de X. Llorens, *Etnografía. Cultura Material*, Buenos Aires, 1962.)

DEPORTES

Un novo curso temos en marcha as distintas ligas nos recreos. Consisten, como xa é tradición, en equipos por cursos de balonmán e fútbol-sala, para nenos e nenas, divididos en dous grupos (3º - 4º e 5º - 6º). Nestes intres xa remataron as de balonmán feminino nos dous grupos, e os equipos gañadores son:

4º A.

Rebeca Fandiño Gómez.
Jéssica Barreiro Barreiro.
Naiara Gómez García.
Tamara García Piñeiro.
Ana Teresa Barros Fernández.
Sara Mariño Martínez.

6º A.



Yanira Barreiro Domínguez.
Aida Cruz Estévez.
Fátima Comedeiro Darrosa.
Nerea García Paredes.
Analy González Martínez.
Nerea González Martínez.
Anabel González Bernárdez.

¡FELICIDADES ÁS GAÑADORAS!

Nun futuro próximo (despois das vacacións de Nadal) empezará a competición escolar de Tenis de Mesa na que, un ano máis, o Colexio de Beluso espera participar nas categorías



Benxamín, Alevín e Infantil, tanto masculinas como femininas.

Incluimos a categoría Infantil porque, como xa pasou o curso anterior, as nenas e nenos da E.S.O. que foran alumnos do C.E.I.P. de Beluso poden seguir participando como membros do noso Colexio sempre e cando o Centro de E.S.O. non participe con equipos propios.

**¡ÁNIMO E SORTE
A TODOS!**



PASATEMPOS

CHISTES

- ¿Sabes por que Bush non pode xogar ó xadrez?

- Porque lle faltan as dúas torres xemelgas.

- ¿Sabes como se chaman os homes máis pobres de China?

- Chin-lu, Chin-auga, Chin-na.

-¡Terra a vista!- exclama o vixía dende o pau maior dun barco de mercancías.

- ¡Cala, enterado!, se aínda non saímos do porto - contesta o capitán.

Dous amigos:

- Xan, ¿sabes?, as medidas da miña sogra son 90-60-90.

- ¡Pois vaia tipazo!

- ¡Si!, e a outra perna mídelle igual.

Entra un home na casa dun amigo. Veo xogando ás cartas co seu can, e dille:

- ¡Que can máis intelixente tés!

- Non é tan intelixente como parece. Cando leva boas cartas move o rabo.

REFRÁNS

CLIMATOLÓXICOS:

Naboeiro na Armenteira,
mariñeiro na Ribeira.

Maio chuvioso,
verán caloroso.

TRABALLOS:

Sementa bo allo
é terás bo tallo.

Poda corto e ara fondo,
terás pan e viño abondo.


OUTROS:

Polo San Martiño
mata ó teu porquiño.

Onde hai patrón
non manda mariñeiro

¡ De Beluso!
de alá fuxo.

Resolve o encrucillado:



1. España está dividida en 17 ...
2. Continente ó que pertence Galicia.
3. Mares moi extensos.
4. Galicia está no hemisferio ...
5. Onde habitan os americanos.
6. Continente máis extenso.
7. Océano que baña as costas europeas.
8. Grande extensión de terra.

